

*RESOLUCIÓN do 12 de xaneiro de 2024 pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso para cubrir, polo sistema de acceso libre, praza de persoal laboral da categoría de Técnico/a Especialista de Investigación, no marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal.*

Mediante a Resolución reitoral do 2 de outubro de 2023 (DOG do 11 de outubro de 2023 e BOE do 24 de novembro de 2023), convócanse proceso selectivo para cubrir, polo sistema de acceso libre, praza de persoal laboral da categoría de Técnico/a Especialista de Investigación, no marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao citado proceso pola quenda de acceso libre.

Segundo. Indicar que a citada listaxe provisional está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web: <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-364>

Terceiro. As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas, dispoñen dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para poder emendar os defectos que motivaran a exclusión ou a omisión.

Cuarto. Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/emendaSelectPessoalFuncionario.htm>

Quinto. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

Sexto. Nomear as persoas que a continuación se relacionan, membros titulares e suplentes do tribunal cualificador do proceso selectivo:

Tribunal titular

Presidenta:

- Diana Santiago Iglesias, Profesora Titular de Universidade da USC.

Vogais:

- Luisa Ferreiro Couselo, funcionaria de carreira da escala administrativa da USC.
- Mercedes Otero Cristobo, persoal laboral fixo do grupo III da USC.
- Antonio Pazos Álvarez, persoal laboral fixo do grupo III da USC.

Secretario:

- David Lorenzo Martínez Martín, funcionario de carreira da escala administrativa da USC.

#### Tribunal suplente

Presidenta:

- Marta Lores Aguín, Catedrática de Universidade da USC.

Vogais:

- Antonio Delgado Suárez, funcionario de carreira da escala administrativa da USC.
- Manuel Pérez Calvelo, persoal laboral fixo do grupo III da USC.
- Lucía Bellón Pita, persoal laboral fixo do grupo III da USC.

Secretario:

- Manuel Boquete Botana, funcionario de carreira da escala administrativa da USC.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2024

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
12/01/2024 11:29:39.

CSV: 3EEE-DEC0-43D1-ADAB